



*Esta é a historia do Apalpador,  
un carboeiro que o 24 e 31 de decembro  
baixa a deixar agasallos aos nenos e ne-  
nas galegas.*

Este é o Apalpador







*O Apalpador é un home moi grande que vive nas montañas de Lugo, nunha fermosa cabana.*







*Durante todo o ano colle leña para facer carbón.*

- Teño que facer moito carbón para non pasar frío no inverno?
- ...por hoxe xa chegou!!!!... Vou descansar!!





Come froitos silvestre e porcos bravos que caza  
no monte...

- Uuummmmmmmmm!!!
- Que bo está este porco bravo!!!
- ...e estes amorodos tamén están de vicio!!!





Viste un traxe vello, cheo de remendos, e sempre leva pantuflas, unha boina e un caxato. Fuma en pipa e ten unha longa barba. 05

*(O apalpador tose forte)*

- Menuda tose, vou ter que deixar de fumar!!!
- Menos mal que levo os pés ben quentiños!!!







*O Apalpador, todos os **24 de decembro** baixa das montañas para visitar aos nenos e nenas galegas...*

- Que día máis fermoso!!!
- Hoxe vou contentar a moitos meniños e meniñas!!!







*Cando os nenos e nenas están durmidos, entra despacio no cuarto de durmir para non espertalos...*

- *Xa están todos durmidiños!!*
- *Teño que facer pouco ruído para non espertalos!!*








*Acércase despaciño ata a cama e tócalles a barriga para ver se están fartos ou teñen fame...*

*— A ver, a ver!!!... Como está ese bandullo!!*







*Aos nenos e nenas que están fartos dilles:*

- Así, así esteades todo o ano!!!
- Déixоче esta presa de castañas!!!

*Aos que non están fartos non lles di nada, pero deixalles tamén castañas...*







*Tamén deixa agasallos feitos por el, ao longo do ano, agochados en calquera lugar da casa...*

- Como fostes bos... vou deixar estes estupendos agasallos!!!
- Agochareinos pola casa para que vos sexan difícil de atopar!!







*Pois xa sabedes... hai que portarse ben e o día de Noite Boa ir durmir cedo para que o Apalpador vos deixe agasallos na vosa casa.*

**FIN**

Debuxos inspirados no Apalpador de Leandro Lamas baixo a súa aprobación desinteresada.

